

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretaria :

D^a Marta Pérez Iglesias

En Arzúa, a 30 de decembro de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2016.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, POR RAZÓN DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 4013/2009 E POR RAZÓN DUNHA PARTE DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 4779/2008 QUE ESTARÍA RELACIONADA COA ANTERIOR.

Indica o Sr. Alcalde:

- Que con respecto a este asunto xurdiu unha cuestión de ultima hora con motivo da cal vaise propoñer deixalo sobre a mesa ata un próximo pleno, que vai tratar

de explicalo, e que en caso de que non se entenda ben, vai solicitar a axuda da secretaria do Pleno para que o explique mellor se pode.

- Que este punto decidiuse traer ao Pleno porque un grupo de persoas puxéronse en contacto comigo e co secretario do concello para que se levara canto antes, posto que as sentenzas levan tempo ditadas, sobre todo unha de elas.

- Que se pensou en traelo porque se considerou que se trataba dun procedemento sinxelo; que ao preguntar por cal era ese procedemento explicásemme que hai dúas partes da sentenza que se poden levar por este procedemento e outra que non.

- Que a cuestión comentada xurdiu onte cando a auxiliar de secretaria chamou á xunta para preguntar a quen lle correspondería publicar a adaptación do plan ás sentenzas, se ao concello ou a xunta, e na xunta dinlle que son eles os que teñen que publicar a adaptación, pero que se lle debían de mandar o informe do secretario e o informe técnico para que eles poidan miralos previamente.

- Que coma isto non estaba previsto e foi o secretario quen tramitou este expediente, despois de pensar ben o tema decidimos que o mellor sería esperar a que volva o secretario que está de vacacións, para ver si realmente é necesario mandalo antes do Pleno á xunta ou non.

Deseguido a petición do alcalde a secretaria da lectura do ditame, que en relación con este asunto, emitiu a Comisión Informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 27 de decembro de 2016; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión Informativa Sra.Varela Duro (de AxA), infórmase que como consecuencia das sentencias recaídas en dous recursos contencioso-administrativos hai que adaptar o Plan Xeral de Ordenación Municipal aos pronunciamentos contidos nas mesmas, cales foron os seguintes:

** En virtude da sentenza 247/2011 recaída no recurso contencioso administrativo 4013/2009, relativo á altura asignada ao inmovible sito na rúa Ramón Franco, nº4 de Arzúa, estímase o recurso e en consecuencia anúlase o concreto extremo do PXOM no que se lle asignaban tres plantas, debéndose modificar o mesmo, pasando de tres a catro alturas (baixo máis tres). Asemade, segundo o informe técnico e o informe xurídico emitidos ao respecto e que figuran no expediente, para adaptar o PXOM a dito pronunciamento será necesario modificar os planos de ordenación do solo urbano con denominación CU-S, CU-6, XU-S e XU-6, reflectindo as catro alturas (baixo mais tres) nese inmovible.*

** En virtude da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo 4.779/2008 :*

- O fundamento de dereito noveno refírese á previsión do PXOM dirixida á legalización da sexta planta do edificio situado no número 2 da rúa de Lugo, afectado por unha sentenza demolición parcial. Conclúese que procede anular o específico extremo do PXOM no referente ao recoñecemento da sexta altura nese edificio. Asemade, segundo o informe técnico e o informe xurídico emitido ao respecto, para adaptar o PXOM a dito pronunciamento será necesario modificar os planos de

ordenación do solo urbano con denominación CU-N, CU-S, CU-6, XU-N, XU-S E XU-6, reflectindo cinco plantas (baixo mais catro) nese inmovible.

- O fundamento de dereito décimo refírese á inadecuación de alturas prevista no PXOM na mazá delimitada polas rúas Nova, Ramón Franco, Fraga do Rei e Calvo Sotelo (agora Juan Vidal). Conclúese que procede anular a previsión de catro alturas (baixo máis tres) na porción da rúa Calvo Sotelo. Asemade, segundo o informe técnico e o informe xurídico emitidos ao respecto e que figuran no expediente, para adaptar o PXOM a dito pronunciamento será necesario modificar os planos de ordenación do solo urbano con denominación CU-N, CU-S, CU-6, XU-N, XU-S e XU-6, reflectindo tres plantas (baixo mais dúas) na porción da rúa Fraga do Rei (Calvo Sotelo segundo a sentenza) da mazá existente entre as rúas Nova, Ramón Franco, Fraga do Rei e Calvo Sotelo (agora Juan Vidal).

Deseguido interveñen:

** A Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE), para indicar que non ten a documentación e que se pronunciará no Pleno.*

** O Sr. García Couso (de CxG), para indicar que tampouco ten a documentación e que se pronunciará no Pleno.*

** O Sr. García Rodríguez (do PP), para indicar que tampouco ten a documentación e que se pronunciará no Pleno, pero que está a favor de que se aumenten alturas e non de que se reduzan, aínda que si nestes casos se trata de pronunciamentos xudiciais supón que a única posibilidade que existe será a de acatar as sentencias.*

** A Sra. Varela Duro (de AxA) para comentar que ao tratarse de dúas sentenzas hai que acatalas e adaptar o PXOM ao que se establece nelas.*

Tras o exposto a presidenta desta Comisión someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por catro votos a favor dos catro concelleiros de Alternativa por Arzúa (Sra. Torreiro González, Sr. Vallo Camba, Sr. Carril Guerra e Sra. Varela Duro) e 4 abstencións (Sr. García Rodríguez (do PP), Sra. Orois Conde (do PP), Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) e o Sr. Garcia Couso (de CxG)- o acordo de informar favorablemente a adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, por razón da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo número 4013/2009 e por razón dunha parte da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo número 4779/2008 que estaría relacionada coa anterior.”

Explica o alcalde que se vai abrir unha quenda de palabra, pero aclara que o que se vai votar e se se deixa o asunto sobre a mesa para que vaia a un vindeiro pleno, non o punto en si mesmo.

De seguido interveñen:

*A Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que está de acordo

con que non se fagan as cousas ao tolo, sobre todo nun tema tan importante como son estas modificacións do PXOM, e que ela vaise abster dende logo, porque dende un principio están a favor de que se modifique practicamente na súa totalidade o plan urbanístico.

*O Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para indicar:

- Que ante a postura de deixar sobre a mesa o punto único que se ía debater neste pleno, absterase.

- Que con respecto ao ditame da comisión informativa que leu anteriormente a secretaria, non tiña a documentación, e tampouco viña concretado no punto qué tipo de adaptación se ía facer, pero quere expoñer unha pregunta referida a que o concello, non sabe si por parte do goberno ou por parte do técnico, modifica unha sentenza, e da por feito que é un erro, cando a denuncia se refire a unha rúa en concreto, e nos motivos desa sentenza fálanse desa rúa que é a rúa Juan Vidal, falan incluso de que é estreita, e que por iso hai que reducir as alturas.

- Que na comisión informativa por falta de documentación e porque non se concretaba no punto esa modificación, pasouseme.

- Que lle parece que é atribuímos moito poder modificar unha sentenza e dicir que a sentenza comete un erro, en todo caso esa é a denuncia que había da rúa Juan Vidal, e a sentenza motíva incluso con datos con respecto á rúa Juan Vidal, como por exemplo polo feito de ser mais estreita, e a proposta que ven ao Pleno é da rúa Fraga do Rei, co que incluso non só se modifica a sentenza senón que se inculcan os dereitos dos veciños a recurrir a sentenza, se a si fora que nela aparecera esa redución de alturas na Fraga do Rei.

- Que non sabe se detrás hai algunha intencionalidade ou cal é o motivo, e que espera que sexa corrixido ou como mínimo aclarado.

Explica o alcalde:

- Que intencionalidade non hai ningunha, que o Sr. García Couso sempre ve intencionalidade onde non a hai, pero que é libre de facelo (pide o Sr. García Couso que conste en acta dita manifestación).

- Que no expediente están os informes do secretario e do técnico, que foi o que redactou o PXOM, e que el saberá o que fai.

- Que agora neste pleno o que se vai a debater e deixar este punto sobre a mesa pola cuestión que xa se explicou antes, ata o vindeiro pleno, no que o secretario estea presente e se nos aclare por parte da xunta se é antes ou despois cando eles teñen que informar, e que polo tanto contestaráselle no seu momento

Manifesta o Sr. García Rodríguez (do PP), que cre que para saber si estaría ben ou non aumentar ou diminuír alturas habería que facer unha xuntanza cos veciños, que estarán todos de acordo se lle aumentan as alturas, pero se lle reducen creo que serían eles os que terían que falar en vez de nós, porque son os mais afectados.

Toma a palabra a secretaria, a petición do Sr. Alcalde, para indicar:

- Que a tramitación deste expediente rematouse antes de que ela fora nomeada secretaria accidental, pero do que puiden estudar a documentación estes días ao saber que ía ser secretaria no pleno, entendo que neste expediente hai dúas sentenzas diferentes:

- Unha relativa á rúa Ramón Franco, que se refire á altura dun só inmoible, e por iso un dos puntos trataría sobre a adaptación dos planos do PXOM ao disposto nesa sentenza, que afecta ás alturas dese edificio en concreto, e desa rúa en concreto.

- Outra sentenza, moito mais extensa, que contén moitos pronunciamentos: un relativo á sexta planta; outro relativo á inadecuación de alturas prevista no PXOM na mazá delimitada polas rúas Nova, Ramón Franco, Fraga do Rei e Calvo Sotelo (agora Juan Vidal); e outro ao núcleo rural da Igrexa, na parroquia de Santa María.

- Que por parte do goberno municipal a intención foi traer a este Pleno a adaptación do PXOM no relativo aos pronunciamentos que non se tiña que levar polo procedemento modificación puntual, tendo en conta os informes que figuraban no expediente, tanto o xurídico como o técnico.

- Que por iso a parte desta última sentenza relativa a Santa María e que entendían os técnicos que habería que levar polo procedemento de modificación puntual do PXOM non se contemplou na orde do día deste pleno, porque a intención era incluír só os puntos relativos aos pronunciamentos das sentencias que se cría que non necesitaban dunha modificación puntual do PXOM para o seu cumprimento, bastando cunha simple adaptación dos planos ao disposto nelas.

- Que a chamada que se fixo á Xunta, por encargo do propio secretario, realizouse porque nese momento non se tiña constancia, tal como figura no seu informe, se o encargado da publicación desta adaptación dos planos do PXOM ía ser o concello ou a propia xunta, e foi cando se nos comunicou que había que remitir os informes técnico e xurídico, dando case por feito que eles se terían que pronunciar antes de que se pronunciara o Pleno.

Indica o Sr. García Rodríguez (do PP) que lle gustaría insistir no que dixo antes, que lle gustaría saber a opinión dos veciños desas rúas respecto a un tema que lles afecta soamente a eles, non aos demais veciños de Arzúa, por iso sería interesante saber se eles están de acordo ou non.

Indica o alcalde:

- Que aquí non se trata de saber se os veciños están de acordo ou non, que os mais interesados son os veciños que están esperando que se cumpra a sentenza, xa que guste ou non guste aos veciños hai que cumprir coas sentenzas.

- Que o que se esta intentando é adaptar o plan as dúas sentenzas que existen e que hai que acatar.

Tras o exposto, o Sr. Alcalde recorda que o que se vai votar é o feito de deixar o punto 2º da orde do día sobre a mesa ata que haxa unha próxima sesión, adoptándose por once votos a favor – dos 7 concelleiros de AxA e dos catro concelleiros do PP- e dúas abstencións -da concelleira do PSdeG-PSOE e do concelleiro de CxG- o acordo de

deixar sobre a mesa o punto nº 2 da orde do día, para continuar o seu debate nunha próxima sesión.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTION MUNICIPAL

Punto 1º DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE INTERVENCIÓN, ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **terceiro trimestre** do presente exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 25 de outubro de 2016, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de 2016, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2016:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
--	---------------------------------	-------------------------------

Número de pagos	1300	34
Importe total	358.470,26	35.505,48
Período medio de pago	40 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	19,88	2
Importe total	142.020,93 €	443,10 €
Período medio de pendente de pago	19,88 días	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 2º) ROGOS E PREGUNTAS

Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) formulouse a seguinte PREGUNTA ao Sr. alcalde, ¿en que situación esta o tema da reclamación que se fixo á Xunta polas prazas da gardería municipal?

Contesta o Sr. Alcalde:

- Que o que estamos facendo cada vez que hai nova incorporación de matriculas é mandar un escrito á xunta informando da situación.

- Que levamos semanas intentando comunicarnos con eles, non só polo tema da gardería senón tamén pola casa Beatriz, na que hai unhas oficinas de igualdade que están cedidas ao consorcio, e non hai maneira, parece que polo feito de que están cambiando ás súas oficinas de ubicación.

- Que o último que se fixo foi mandar a última información sobre as matrículas

novas, como se ven facendo normalmente.

- Que en principio a idea que ten a xunta e a de reducir un pouco a construción de garderías e centros de día, e que cada concello pague un tanto por usuario estea en Arzúa ou estea noutro sitio, e que non sabe se esa idea seguirá adiante ou si haberá marcha atrás.

Polo Sr. García Couso (de CxG-CCTT) formulouse a seguinte PREGUNTA:

- Que na reunión do último consello da radio, o alcalde pediulle aos membros que non eran da corporación que se ausentaran para tratar un tema cos concelleiros, en concreto sobre a sentenza do derribo da sexta planta, e pregunta por qué se lle oculta a él, concelleiro dun grupo, esa información, e se trata cos demais concelleiros da corporación.

Contesta o alcalde que o Consello da radio non se interrompeu, que foi ao final aproveitando que estaban algúns concelleiros. Que xa non se acorda do que lles comunicou, pero que non sería de moita relevancia porque senón acordaríase. Que non cre que lles dixera novidade ningunha, sería sobre o tema de que xa estaban os pregos para a contratación feitos.

Indica o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) que no consello da radio estaban representados todos os grupos menos o que el representa, e que por iso fai a pregunta e xa indica o motivo da reunión, que era sobre o edificio da praza.

Manifesta o alcalde:

- Que se ten tanto interese vén moitas veces ao concello e poderíase achegar a alcaldía e preguntar, cousa que nunca fai.

- Que o mesmo que el pode informar tamén o concelleiro pode pedir información, porque grazas ao goberno que esta agora todos os departamentos están abertos para preguntar o que se queira, incluída a alcaldía.

Pregunta o Sr. García Couso se antes os departamentos do concello estaban pechados.

Responde o alcalde que antes ás veces ocorrían cousas que se nos ocultaban incluso aos concelleiros. Indica que o Sr. García Couso estaba representado no consello da radio dentro do grupo mixto e por iso non pode dicir que non esta representado. Que sabe que ten a palabra no pleno porque se lle deixou tela, tanto el como a concelleira do PSdeG-PSOE, porque había que ter un portavoz no grupo mixto, e decidiuse no primeiro Pleno que a tiveran os dous.

Polo Sr. García Rodríguez (do PP) formulouse un ROGO ao Sr. alcalde, indicando que nas parroquias de Oíns, Dodro, Couto e San Estevo a telefonía móbil non funciona practicamente nada, e por si a través do concello se podería solicitar unha ou varias antenas repetidoras para que todas as casas puideran ter a telefonía móbil en activo, porque na maioría delas non funciona.

Contesta o Sr. alcalde que este é un tema que vén de antigo, e que seguramente a Sra. Varela Duro sabe mais sobre el. Que tanto nesta lexislatura como nas anteriores fixéronse mais solicitudes sobre ese tema. Que é unha zona escura e esperemos que se solucione o tema cando se poña o tramo de autovía a funcionar, porque a autovía ten que ter ese tipo de coberturas.

Indica o Sr. García Rodríguez que incluso agora que vai vir o camiño inglés pola zona da Mota, ao mellor poderíase tirar por ahí para pedir que se faga igual que no camiño francés, no que xa que hai cobertura en todos os lados.

Contesta o alcalde que se pode facer outra solicitude. Que a ultima contestación aínda sen ser nada oficial foi que unha vez estea a autovía o tema mellorará, veremos se é verdade ou non.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que por ese tema da telefonía móbil fixeran unha recollida de sinaturas en todas as parroquias que se mandarane a Vodafone a Movistar,, etc, e todas contestaran o mesmo, que mentres que non se construíra a autovía na que era obrigatorio construír un repetidor ou un adaptador que non habería outra solución, e iso xa foi hai seis anos ou por ahí.

Indica a Sra. Varela Duro (de AxA) que se fixera un estudio para poñer unha torreta á altura de Seixas para que dera un pouco de cobertura a Dodro, Manedo, Calvos, a toda esta zona que é bastante sombría; incluso cre recordar que na lexislatura de Xaquín fixérase tamén outro estudio pero mais á altura da Igrexa, pero que en todo caso a resposta foi case a mesma que deu Begoña. Incluso había unha cantidade destinada para investir na torreta, pero saía moi cara e non cubría á demanda dos veciños. Que está claro que todos os que viven por alí están moi interesados en poder ter unha boa cobertura.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 20.40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e da secretaria, que certifica.